



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de resolver recentemente as convocatorias de **contratos-programa cos centros tecnolóxicos consolidados galegos** e as **axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas** en organismos públicos de investigación, fundacións de investigación sanitaria e centros en Galicia do CSIC e do IEO.

Os **contratos-programa** cos centros tecnolóxicos consolidados ten como **obxectivo favorecer a competitividade, a excelencia científico-técnica e a colaboración co tecido empresarial de oitos centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación**. Estas axudas, nas que Gain inviste 1,87 millóns de euros, únense aos **contratos-programa** coas fundacións de investigación sanitaria de Galicia e cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), sumando preto de 3,2 millóns de euros entre ambos en 2017.

Por outro lado, tamén se vén de resolver a convocatoria conxunta coa Consellería de Cultura, Educacion e Ordenación Universitaria para a **consolidación, estruturación e especialización das unidades de investigación** máis competitivas do sistema universitario galego, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria e os centros do CSIC e o IEO en Galicia. As axudas contemplan **catro modalidades: grupos de referencia competitiva, grupos con potencial de crecemento, redes de investigación e proxectos de excelencia**. Gain financia con 1,82 millóns de euros as axudas correspondentes a organismos alleos ao sistema universitario.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

